Materia: Xeografía e Historia de Galicia 2 Bacharelato

Unidade 11: A Poboación e a Organización do Poboamento

Exercicios auto-avaliábeis

1. Describe de xeito breve a evolución da poboación en Galicia durante o século XX.
2. Esquematiza por épocas e destinos a historia da emigración exterior desde o XIX.
3. Unha elevada feminización e o avellentamento definen a realidade demográfica de numerosos concellos do interior de Galicia. Explica brevemente as causas desta situación.
4. Que mudanzas caracterizan a transición dunha Galicia rural a unha Galicia urbana vivida desde 1960?
5.Que características presenta a cidade difusa na periferia das cidades galegas?
6. Cales son as mudanzas producidas no poboamento rural nas últimas décadas?

Respostas

1.Na evolución da poboación en Galicia durante o século XX podemos identificar dúas etapas diferenciadas polo ano 1950. Na primeira metade de século a poboación presentou un tendencia de medre continuo e intensidade moderada, con episodios de crecemento forte en 1931 e 1940. A partir 1950 a desaceleración demográfica protagoniza a evolución da poboación. Esta dinámica regresiva vaise ver mitigada a partir de 1980. Desde 1986 a dinámica demográfica continuou a tendencia descendente cunha evolución vexetativa negativa.

2. Período: Mediados XIX- 1ª décadas XX Destino: América (Cuba, Arxentina, Brasil).
Período: 1946-1960. Destino: América (Venezuela, Arxentina, Brasil).
Período: 1960-1980. Destino: Europa (Suíza, Alemaña, Francia).

3. As causas hai que as procurar, por unha parte, na transición demográfica vivida en Galicia durante o século XX que, entre outras consecuencias supuxo o descenso da taxa de natalidade. Outro dos factores que interveu nesta realidade foi a forte emigración do pasado, composta principalmente por poboación masculina. Por outra banda, a maior esperanza de vida das mulleres acentúa os índices de feminización de poboacións con niveis altos de avellentamento.

4. Son principalmente mudanzas de índole social e económica, que van afectar, tamén, á organización do territorio. Por unha banda, prodúcese a transformación da agricultura de autoconsumo nun modelo de agricultura de tipo capitalista, aparecen núcleos de industrialización

nalgúns centros urbanos e comeza a terciarización da sociedade. Ao tempo, producíronse progresos notábeis nos sistemas de transporte e comunicacións.

5. Fronte á imaxe da cidade clásica compacta, a cidade difusa presenta morfoloxías heteroxéneas. Caracterízase por un estado de urbanización precario, onde os espazos terciarios e industriais aparecen misturados con usos residenciais, e con formas de edificación de diversa tipoloxía. A ocupación territorial presenta densidades elevadas.

6. Ten aumentado o número de vivendas illadas e a proliferación de urbanizacións residenciais e residencias secundarias. Estes factores determinan que as tramas tradicionais se dilúan. Ao tempo, modifícase a rede de camiños tradicionais. No que respecta á vivenda, as mudanzas afectan tanto aos materiais de construción, con maior protagonismo para o ladrillo, como ao aspecto externo, cunha tendencia á homoxeneización dos mesmos. As modificacións afectan tamén ao uso, pois agora as vivendas están destinadas para uso humano unicamente.